

## Galaxias ananas na Vía Láctea

Astrónomos do Instituto de Astrofísica de Canarias (IAC) confirmaron a existencia de dúas novas galaxias ananas, que se denominan Pegaso e Casiopea, no grupo local ó que pertence a Vía Láctea, e que se encontran a uns 2.5 millóns de anos luz da constelación de Andrómeda.

As galaxias Pegaso e Casiopea foron descubertas polos astrónomos Igor Karachentsev, do Observatorio Astrofísico Especial de Stavropol e Valentina Karachentseva, da Universidade de Kiev, en agosto de 1998.

De forma simultánea, o astrofísico Tañ Armandroff, do Observatorio de Kitt Peak en Arizona (Estados Unidos), anunciou o descubrimento do que po-

dería ser unha nova galaxia satélite de Andrómeda (que resultou se-la mesma que Pegaso) e da que pensaba que podería se-la sexta dos seus satélites menores.

Os astrónomos do grupo de Poboacións Estelares do IAC Antonio Aparicio e David Martínez confirmaron mediante observacións realizadas co telescopio IAC-80 do Observatorio do Teide (Tenerife) a existencia das citadas galaxias.

O investigador principal do citado proxecto, Antonio Aparicio, indica que a localización de Pegaso e Casiopea tamén foi detectada mediante as observacións efectuadas pola astrónoma Carne Gallart no "lendario telescopio" de cinco metros do Monte Palomar, en California.

## Logran inxertar pel de porco manipulada xeneticamente nun rato

Investigadores do Ciemat (Centro de Investigacións Enerxéticas Medioambientais e Tecnolóxicas) lograron, por primeira vez en España, transplantar-lle pel de porco manipulada xeneticamente a ratos, o que abre unha nova vía a terapias contra patoloxías de pel e curación de queimados.

O xefe do proxecto de Bioloxía Molecular e Celular do Ciemat, José Luis Jorcano, desenvolveu a Efe que o implante de pel de porco, sometida a técnicas de manipulación xenética, a ratos colleitou uns resultados positivos.

Por iso, agregou o in-

vestigador, "temos esperanzas de que funcione en humanos" e "aspiramos a que cando a técnica estea a punto poderá aplicarse nos hospitais dentro de dous ou tres anos".

O equipo de Jorcano, que realiza investigacións sobre o impacto da luz ultravioleta na pel humana, persegue lograr novos tipos de terapias humanas, mediante modificación xenética e cultivos celulares, que permitan previr ou curar patoloxías dérmicas.

O experimento con animais realizouse con pel de porco porque é máis parecida á humana e observouse que unha vez realizado o implante no lombo do rato a zona transplantada rexista unha "vascularización asombrosa", explicou o xefe do proxecto.

Os investigadores lo-

graron introduci-lo xene que produce a vascularización e o crecemento da pel da zona afectada, ademais dun xene marcador que permite saber qué células foran modificadas xeneticamente.

Esta técnica, a fase de experimentación en animais da cal xa foi culminada, comezou a ser aplicada no laboratorio coa pel humana.

Os primeiros experimentos con pel humana están formulando algúns problemas, pero as perspectivas son moi esperanzadoras. A manipulación xenética consiste en introducir-lo xene VGF (factor de crecemento do endotelio vascular).

A aplicación destas técnicas pode solucionar os problemas dos pacientes con úlceras de pel crónicas, que afectan ó dous por cento da poboación dos países desenvolvidos e principalmente ás persoas maiores. Segundo Jorcano, hai unha correlación moi clara entre pacientes con problemas de rexeneración de pel e enfermismos con deficiencias circulatorias.

O investigador está perfeccionando os sistemas de cultivos de queratinocitos epidérmicos, co obxectivo de obter un soporte máis sólido ás placas de pel que serán despois manexadas polos médicos no momento do transplante.

Jorcano mostrou convencido de que a manipulación xenética e a clonación ofrecen vantaxes para a gandería industrial e a conservación de especies a piques de extinguirse.

MADRID  
Efe

## A mostra 'Testemuños Xacobeos' abre as súas portas en Londres

A exposición "Testemuños Xacobeos" de promoción do Xacobeo 99 internacionalmente abrirá as súas portas en Londres a partir do próximo martes día 11.

A mostra, que no Reino Unido se presentará baixo a denominación *Approaching Santiago*, chega a Londres tras mostrarse o pasado mes de abril en París, e trátase dunha exposición divulgativa cunha ampla variedade de contidos que presentan as diferentes rutas históricas a Compostela e deixan constancia da influencia desta peregrinaxe nas autonomías da zona setentrional da Península Ibérica.

Catro son os espazos nos que se divide a mostra: *O Apóstolo Santiago* e *O Ano Xubililar*, *Os Camiños de Santiago* e *as peregrinacións*, *Testemuños xacobeos* e *A meta: Santiago porta da esperanza*.

## Os arquitectos saen á rúa



Os alumnos da Escola da Coruña tamén saíran á rúa

Os estudantes aseguran que esta proposta "resultaría gravemente perxudicial para a calidade da edificación porque posibilitaría que os técnicos, sen preparación adecuada, realizarán calquera tipo de edificación".

Os estudantes concen-tráranse de forma silencio-

sa e debuxarán un edificio representativo da cidade como forma de expresar a súa protesta ante as informacións e queixas vertidas polos enxeñeiros ó considerar vulneradas as súas competencias na lei. A manifestación máis importante darase en Madrid, onde os estudantes se reunirán ante o

Congreso dos Deputados.

A próxima semana pode ser decisiva no conflito que enxeñeiros e arquitectos manteñen desde hai seis meses polo repartimento de atribucións no proceso de edificación que establece a LOE, pola inmediatez do prazo de presentación de emendas, tras ser prorrogado tres veces, e gracias ó achegamento que realizaron as partes a pasada semana por instancias de CiU, segundo informaron a Europa Press en fontes de ámbolos dous colectivos de profesionais.

Os arquitectos propuxeron a "aclaração" do parágrafo que, trala relación do repartimento de competencias entre ámbolos dous colectivos nos diferentes tipos de edificios, establece un campo de libre concurrencia a ámbolos dous profesionais na proxección e realización de elementos complementarios.

SANTIAGO  
Redacción

## Dous bancos de Holanda enriquecéronse ilegalmente na II Guerra Mundial

Dous dos maiores bancos holandeses enriquecéronse ilegalmente durante a Segunda Guerra Mundial investindo e especulando na bolsa con diñeiro roubado por nacionalsocialistas alemáns a xudeus deportados a campos de concentración. Así o asegura Gerald Aalders no seu libro *La apropiación de Bienes Judíos durante la Segunda Guerra Mundial*. Segundo Aalders, que traballou nove anos reunindo material para o libro, os nazis roubaron arredor de 500 millóns de dólares -uns 7.000 millóns de dólares na actualidade-, que foron vendidos a grupos de bancos holandeses.

Nada máis cofecerse a noticia, portavoces do banco ABN Amro e o grupo ING, anunciaron que investigarían o contido das denuncias e entregarán un comunicado a próxima semana.

# «Sí, Vuelo»

En Halcón Viajes sabemos lo importante que es para vosotros vuestra Luna de Miel. Por ello ponemos a vuestra disposición la mejor selección de destinos y hoteles.

Para que todo resulte inolvidable.



EMPRESA COLABORADORA  
**XACOBEO'99**  
Galicia



## ...pero con Halcón Viajes

|                              | Hasta 30 mayo | Junio   |
|------------------------------|---------------|---------|
| Tenerife Sur (8 días) MP     | 56.000        | 56.000  |
| Lanzarote (8 días) MP        | 72.300        | 72.300  |
| París (8 días) AD            | 71.600        | 77.500  |
| Italia Romántica (6 días) AD | 90.300        | 92.100  |
| Seychelles (9 días) AD       | 237.100       | 237.100 |
| Bali (5 noches) AD           | 161.000       | -----   |
| Cuba (9 días) AD             | 113.700       | 122.500 |
| Rep. Dominicana (9 días) TI  | 129.900       | 134.900 |

29  
DÍAS  
PROPIAS  
A SU SERVICIO  
EN GALICIA

SANTIAGO  
C. Calvo Pineda, 5. Telf: 981 55 65 00  
C. Carreira del Cardo, 21. Telf: 981 57 82 75  
RIBEIRA  
C. Otero Pedrayo, 4. Telf: 981 87 16 00  
A ESTRADA  
C. Calvo, 19. Telf: 985 27 50 16



HALCON  
VIAJES  
Tenemos lo que otros no tienen  
<http://www.halcon-viajes.es>  
Información y reservas  
902 300 600  
550 oficinas a su servicio en toda España